

# **CONVENIO DE COLABORACION DE VOLUNTARIADO ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE OURENSE, VERÍN E BARCO DE VALDEORRAS) E A FUNDACIÓN VALDEGODOS**

Ourense, 22 de agosto de 2019

## **REUNIDOS**

**DUNHA PARTE:** D. Jesús Vázquez Almuiña, Conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013 do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**DOUTRA PARTE:** D. Miguel Blanco Álvarez, con D.N.I. ...., Presidente da Fundación Valdegodos, entidade de carácter benéfico-social, domiciliada en ..... Fundación constituída en escritura publica o día ....., ante o Notario ..... e clasificada como benéfico asistencial por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública de 16 de marzo de 1993 (DOG nº 80, del 29 de abril de 1993) e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Traballo e Servizos Sociais do 28 de maio do 1993 (DOG nº116, do 21 de xuño), figurando inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Traballo e Servizos Sociais co número 19 da provincia de Ourense.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal para obrigarse e subscribir este convenio e para estes efectos

## **EXPOÑEN**

1. Que dende o Servizo de Traballo Social da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras, tratase de dar resposta á necesidade de institucionalizar aqueles doentes que despois de pasar polo Hospital non poden voltar ao domicilio, xa que as súas condicións socio sanitarias non o permiten.

Adoitan ser doentes que ven limitada de xeito importante a súa autonomía persoal e que así mesmo carecen de rede social, de vivenda en condicións de habitabilidade axeitada, etc.... e que polo tanto precisarían dun ingreso en centro residencial, pero asemade carecen de recursos económicos para facer fronte ao custo dunha praza nun centro privado mentres por parte da Consellería de Política Social non se lle dá acceso a unha praza pública.

A falta de resposta inmediata por parte da Administración Pública obríganos a buscar solucións naquelas entidades sociais que a día de hoxe están a facer unha achega importante á sociedade ourensá e que permiten moitas veces que estes doentes podan saír do hospital sen prolongar innecesariamente a súa estancia e asegurando a súa atención axeitada e de calidade.

No ámbito territorial que corresponde á Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras carécese dunha rede de centros sociosanitarios concertados, e tendo en conta o que se expuxo no parágrafo anterior, a Fundación benéfica Valdegodos permite dar cumprimento ao obxecto deste convenio no ámbito territorial concreto do Barco de Valdeorras mediante as residencias que teñen ubicadas nesa contorna.

2. A Fundación Valdegodos é unha institución benéfico social que ten por obxecto a axuda e a asistencia ao colectivo da terceira idade, co fin de mellorar a súa calidade de vida e benestar social. Dentro das súas áreas de actuación está a de contribuír e costear a atención e estancia das persoas maiores que por falta ou escaseza de recursos non poden acceder as prestacións dun centro xeriátrico.

Por todo isto, as partes recoñecen a súa mutua capacidade e formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira. Obxecto do convenio**

O obxecto do presente convenio é regular as condicións que deben darse para proceder a institucionalizar a determinados doentes que despois de pasar polo hospital e entre o tempo que medie entre a súa alta hospitalaria e o acceso a unha praza nun centro residencial público, necesiten un aloxamento alternativo que evite a prolongación innecesaria da súa estancia hospitalaria, así como proporcionarlles unha atención sociosanitaria de calidade que garanta a súa continuidade asistencial.

As vantaxes que ofrece a posta en marcha deste convenio son as seguintes:

- Mellora a atención sociosanitaria deste tipo de pacientes, que precisan dun seguimento posthospitalario e que polas súas circunstancias clínicas, persoais e sociais non están en condicións de volver de contado ao seu domicilio.
- Evita que, polos xa citados motivos sociais e xa non estritamente médicos, este tipo de pacientes prorroguen a súa estadía hospitalaria e en consecuencia, permite liberar recursos sanitarios e unha atención máis eficaz e eficiente por parte do Servizo Galego de Saúde.
- O ingreso destes/as pacientes na Fundación benéfica Valdegodos cubre a función social que ten que desenvolver esta entidade.

## **Segunda. Perfil das persoas destinadas**

Serán destinatarias da asistencia prevista no presente convenio de colaboración as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- Ter 60 anos cumpridos, aínda que en casos excepcionais poderán beneficiarse os menores desa idade cando cumpran os demais requisitos e as súas circunstancias así o aconsellen.
- Ter limitada a súa autonomía e necesitar de axuda dunha terceira persoa para realizar as actividades básicas da vida diaria.
- Carecer de familia e/ou rede social de apoio ou cando nestas existan disfuncións que lle impidan recibir os coidados necesarios.
- Que exista imposibilidade de acollemento noutra unidade de convivencia.
- Que o seu ingreso en centro sexa a única alternativa posible ante á alta hospitalaria.
- Que teñan escasos recursos económicos, isto é, que non lle permitan facer fronte o custe dunha praza residencial nun centro de carácter privado.
- Que teñan iniciadas as xestións e trámites oportunos para o seu acceso a unha praza en Centro Residencial Público.

## **Terceira. Financiamento**

A atención socio sanitaria obxecto deste convenio prestarase na Residencia que a Fundación Valdegodos considere axeitada.

En todo caso, a estadía do/a paciente nesta residencia é voluntaria, e con carácter previo se asina un contrato entre o/a paciente e a Fundación Valdegodos no que se especifican as condicións da estadía.

O custo da estadía das persoas incluídas neste convenio de colaboración será asumido do seguinte xeito:

- No caso de persoas con carencia total de recursos o custo do centro será asumido na súa totalidade pola Fundación Valdegodos.
- No caso de persoas que perciban unha prestación pública pero dispoñan de recursos limitados, a persoa abonará mensualmente o 75% da contía da súa prestación, mais unha cantidade adicional que se valorará en función dos seus recursos. O resto do custe da estancia será asumido pola Fundación Valdegodos.

## **Cuarta. Obrigas do Servizo Galego de Saúde**

Correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras formular a solicitude de praza, que se levará a cabo do seguinte xeito:

- O persoal sanitario dos centros hospitalarios desta Xerencia de Xestión Integrada, no desenvolvemento das súas funcións, detectará os pacientes que polas súas circunstancias poden ser destinatarios da asistencia prevista neste convenio.
- O Servizo de Traballo Social desta Xerencia de Xestión Integrada será o responsable de seleccionar e facer unha valoración precisa daquelas persoas que puideran precisar de dito recurso e realizar todas aquelas xestións e trámites necesarios para que poidan dispor o antes posible dun recurso público.
- O Servizo de Traballo Social, coa conformidade do/a paciente susceptible de poder ser ingresado na Residencia Fundación Valdegodos, formulará a solicitude de praza que irá acompañada da seguinte documentación:
  1. Informe social, onde queden claras as circunstancias expresadas na cláusula segunda.
  2. Informe médico que acredite a patoloxía do/a doente e tratamentos prescritos
  3. Copia da documentación básica: DNI (pasaporte ou NIE), Tarxeta sanitaria e, no seu caso, datos do nº de conta bancaria.
  4. Acreditación de que se iniciou o procedemento de valoración da súa situación de dependencia, mediante a copia (con rexistro de entrada) da solicitude da valoración do grao e nivel de dependencia, ou ben de praza nun centro residencial da Consellería de Política Social.

Os datos persoais recollidos con ocasión desta achega documental serán obxecto de tratamento nos termos establecidos na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### **Quinta. Obrigas da Fundación Valdegodos**

Correspóndelle á Fundación Valdegodos a aprobación da solicitude de praza, que se levará a acabo do seguinte xeito:

- Unha vez que se presentou a solicitude de praza, o Padroado da Fundación Valdegodos resolverá coa maior brevidade a súa aprobación ou denegación. En todo caso, a aprobación estará condicionada pola dispoñibilidade de prazas na Residencia.
- Aprobada a solicitude e antes do ingreso na Residencia da persoa destinataria da asistencia, se subscribirá un contrato entre esta e a Fundación, no que se formalizarán as condicións da súa estancia no centro.

#### **Sexta. Tempo máximo da estadia**

A persoa residente permanecerá no Centro Residencial durante o tempo necesario ata o seu traslado a un Centro residencial de carácter público, ou ata que cese a súa necesidade de internamento.

En todo caso, a súa estancia terá unha duración máxima de seis meses dende a data de ingreso no mesmo.

#### **Sétima. Comisión de seguimento**

Constituirase a iniciativa de calquera das partes unha comisión de seguimento do presente convenio, formada por un representante de cada unha das partes, que asumirá as seguintes funcións:

- a Impulsar e avaliar o cumprimento do Convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- b Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.
- c Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. O incumprimento por calquera das partes das cláusulas do presente convenio, poderá dar lugar á denuncia deste.

#### **Oitava. Vixencia do Convenio**

O presente convenio terá a vixencia de catro anos dende a data da súa sinatura. Non obstante, as partes, de mutuo acordo, poderán acordar a súa prórroga anual, por un período de ata catro anos adicionais mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser subscrito con anterioridade á data de vencemento do convenio.

#### **Novena. Causas de resolución**

Son causas de resolución do presente convenio:

- 1 A denuncia previa de calquera das dúas partes asinantes, sempre que o notifique á outra cun mes de antelación.
- 2 O mutuo acordo entre as partes.
- 3 O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas.

#### **Décima. Natureza xurídica**

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nas súas estipulacións e, no seu defecto, pola Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

De conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o presente acordo de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, de acordo co sinalado no artigo 6 do citado texto legal.

### **Décimo primeira. Cuestións litixiosas**

As cuestión litixiosas que poidan xurdir durante a aplicación do convenio, resolveranse ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

### **Décimo segunda. Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno**

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

E, en proba da súa conformidade, ámbalas dúas partes asinan tres exemplares do presente convenio de colaboración, no lugar e data indicada no encabezamento.

O Conselleiro de Sanidade  
(P.D. sinatura do 19/08/2019)

O Presidente da  
Fundación Valdegodos

O Xerente de Xestión Integrada de  
Ourense, Verín e Barco de Valdeorras

Félix Rubial Bernárdez

Miguel Blanco Álvarez